



“X PLENO DO CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS”

Xoves 28 e venres 29 de xuño de 2012.

Santiago de Compostela.

RELATORIO SOBRE CULTURA, ASOCIACIONISMO E ACCIÓN EXTERIOR

A cultura fai parte esencial da actividade das Comunidades Galegas formadas no exterior desde hai séculos e, de forma máis directa, da construción da identidade cultural da Galicia contemporánea. Por esta razón, cómpre repensarmos unha vez máis, no seo desta reunión plenaria das colectividades galegas no exterior, o papel que debe desempeñar a cultura na súa acción presente e futura, sen esquecer a relevancia que acadou nos tempos pasados.

A estrutura deste relatorio ordénase arredor de dous apartados, máis descritivo o primeiro e un pouco máis analítico e propositivo o segundo. No primeiro apartado propónse avaliar a importancia da cultura galega no exterior como fundamento dun Patrimonio cultural de gran valor e como referente básico para a construción de Galicia como unha nación-cultura. No segundo apartado váise analizar o valor que ten a cultura para a configuración dunha imaxe ou marca-país e a necesidade de inserir a acción das organizacións dos galegos no exterior no proceso de construción desa marca, de acordo coas correntes máis actuais de conceptualización da diplomacia branda (*soft diplomacy*) ou da paradiplomacia como un dos piares básicos das relacións internacionais e de participación nun mundo globalizado.

1. Legado cultural do asociacionismo emigrante

Comecemos por lembrar algúns datos xa ben coñecidos, pero cuxa mención non debe resultar superflua, dado que boa parte das propostas de acción futura son inseparables da tradición histórica en que está inserido o asociacionismo galego no exterior.

O feito migratorio galego foi un feito moi intenso, principalmente na historia contemporánea. Se ben na época moderna se rexistrou unha migración moi importante desde a Galicia meridional cara a diversas rexións e cidades da península (Madrid, Porto, Lisboa...) e América (México, Salvador de Baía, Minas Gerais, Río da Prata, Cuba...), a grande emigración galega coincide co proceso masivo de transferencia de máis de cincuenta millóns de persoas desde o continente europeo cara a outros continentes, basicamente ás rexións americanas de clima temperado análogo ao europeo, o que deu lugar á aparición dunhas “novas Europas”.

O caso galego formou parte deste masivo desprazamento da poboación europea cara ao continente americano, ao que achegou arredor de dous millóns de persoas, o que converte a Galicia nunha das grandes rexións migratorias europeas, con taxas migratorias superiores ao catro por mil desde 1880 ata 1930. En comparación con outras rexións europeas de grande tradición migratoria, o caso galego presenta algunhas peculiaridades que logo explicarán o proceso asociativo dos inmigrantes de orixe galega nos diversos países de destino. Entre elas estivo a enorme concentración dos destinos na América do Sur e, nomeadamente, nas beiras do Río da Prata e na illa de Cuba. E, en segundo lugar, que se tratou dunha emigración maioritariamente masculina, con altas taxas de retorno, o que



permitiu manter unha intensa relación entre a Galicia europea e a “Galicia ideal” que pouco a pouco se foi forxando nos países americanos.

Hai que subliñar, con todo, que este destino dos fluxos migratorios cara a América cesou case de repente a mediados da década de 1960, e comezou daquela unha nova emigración, tanto con destino a diversas cidades do interior da península (nomeadamente as rexións de maior fortaleza industrial: País Vasco e Cataluña) como cara a diversos países europeos, altos demandantes de man de obra no período dos “trinta gloriosos” ou dos “milagres económicos” da segunda posguerra (Francia, Alemaña, Suíza, Reino Unido ou os países do Benelux). Nos anos máis recentes, apareceu tamén unha nova emigración, máis profesional e de alta capacitación, que tamén fai parte do conxunto da historia migratoria galega.

Un trazo diferencial no comportamento dos inmigrantes de orixe galega nos seus lugares de destino, quer na América ou quer na Europa, foi a súa clara tendencia ao fomento dun asociacionismo de tipo étnico, moitas veces de dimensión microsocietaria, que non é tan frecuente en termos comparativos con calquera outra experiencia migratoria de orixe europea. Isto explica por que permanece na actualidade con tanto vigor, baixo a fórmula de asociacións, centros, sociedades, federacións, etc., a capacidade asociativa de colectividades emigrantes galegas en lugares como Bos Aires, A Habana, Salvador de Baía ou Montevideo, pero tamén en Xenebra, Londres, París, Bruxelas ou Núremberg.

As colectividades galegas no exterior posúen algunhas peculiaridades que convén sinalar. A primeira e máis importante é que, en gran parte, estas colectividades lograron manter unha estreita relación coa súa cultura de orixe, e nesa relación desenvolveuse o fenómeno de creación de grandes centros galegos (Montevideo, Bos Aires, A Habana, México, etc.), xunto a un proceso de aparición de microasociacións, especialmente intenso desde 1904, tanto no Río da Prata como no Caribe e noutros países americanos.

Moitas destas asociacións locais foron creadas, nun primeiro momento, dun xeito informal, por comunidades de inmigrantes que se uniron para a defensa dos seus propios intereses, primeiro mutualistas ou benéficos e, finalmente, de carácter cultural, educativo ou de inserción no lugar de destino; e convertéronse en lugares de convivencia e tamén da colaboración económica e cultural coa Galicia europea, pois hai que ter en conta, como cuestión moi importante, que moitas destas asociacións pretenderon non só refacer simbolicamente a súa propia comunidade de orixe senón devolverlles unha parte do que eles eran e crían que debía ser no futuro aos seus conxéneres que quedaban en Galicia.

Cómpre sinalar, como feito diferencial de enorme relevancia, a aparición das “sociedades de instrución”, promotoras da creación e mantemento en Galicia dunhas trescentas escolas chamadas de “americanos”, e animadoras da construción da sociedade civil nos seus lugares de orixe. Este tipo de asociacionismo de natureza educativa, sociopolítica e cultural non ten parangón con ningunha outra colectividade emigrante das rexistradas no continente americano.

A dimensión asociativa e cultural que lograron os “emigrados” galegos en moitos países do mundo nos tempos da emigración masiva cara a América viuse reforzada, de forma moi directa, pola chegada de importantes continxentes de exiliados forzados a se trasterrar por efectos do estalido da Guerra Civil en 1936. Figuras relevantes da cultura e da política galegas —e abonde con mencionar só a Castelao, Dieste ou Seoane en Bos Aires, Tobío en Montevideo, Silvio Santiago en Caracas, Delgado Gurriarán en México ou Guerra da Cal e González López nos Estados Unidos— desenvolveron unha intensa actividade no campo da edición de libros, exposicións de arte, promoción da música e do teatro e mesmo no eido empresarial (Porcelanas de Magdalena, por



exemplo), que acabou non só por reforzar o traballo xa feito polas colectividades dos “emigrados”, senón que verdadeiramente construíron un programa cultural para Galicia, do que foi magnífico exemplo o Laboratorio de Formas e o grupo Sargadelos.

Esta peculiaridade e natureza do asociacionismo na emigración explica un feito evidente: o enorme patrimonio histórico e cultural que estas colectividades galegas, ás que se uniu a achega dos grupos de exiliados, foron quen de construír e manter durante moitas décadas grazas ao esforzo solidario e mancomunado dos seus asociados. Patrimonio que foi creación colectiva e case anónima (isto é, non obra de filántropos), que tiña como fin último contribuír á mellora e transformación do panorama cultural da súa Terra de orixe.

Por esa razón, Galicia posúe hoxe no exterior un patrimonio inmobiliario e cultural (documental, artístico, sonoro, bibliográfico, etc.) que constitúe un dos valores máis singulares e mesmo simbólicos da riqueza patrimonial galega que, de modo parcial pero sistemático, foi “preservado” en boa medida polo labor do Consello da Cultura Galega a través dos seus arquivos especializados (Arquivo da Emigración e Arquivo Sonoro), no que se refire á parte documental, sonora e bibliográfica. O estado de conservación do patrimonio inmovible e artístico que permanece en poder das diferentes sociedades de emigrantes, así como do seu aproveitamento e protección no porvir, é un asunto que ben merece ser discutido no seo deste Plenario.

Alén do labor de sociabilidade e protección mutua que desenvolveron con grande eficacia as grandes e pequenas asociacións fundadas polas colectividades galegas no exterior, o contributo da Galicia emigrante á construción da cultura moderna en Galicia está fóra de toda dúbida, non só mediante o que se coñece como “remesas invisibles” (valores como o secularismo, o valor da cooperación, a experiencia asociativa e sindical, cultura urbana, etc.), senón tamén a través do apoio á aparición da meirande parte dos símbolos identitarios e dos “lugares de memoria” que ten Galicia. Lembremos, a título de exemplo, o himno galego, estreado en 1907 no Centro Galego da Habana; a bandeira galega; a Real Academia Galega, promovida por unha Asociación Protectora fundada en Cuba; o Panteón de Galegos Ilustres, fundado co gallo do traslado das cinzas de Rosalía de Castro (1891); o monumento aos “Mártires de Carral” (1904), sufragado maioritariamente por diñeiro procedente de América; a Biblioteca América da USC, doada polo filántropo Gumersindo Busto (1904); a Residencia Universitaria de Compostela (1926)..., por non aludir aos centos de libros editados, de revistas e publicacións periódicas ou á convocatoria de premios literarios que promoveron estes grupos de emigrantes e tamén de exiliados galeguistas e republicanos. Alén disto, o seu apoio ao cultivo da lingua galega, ben na industria editorial ou ben no reforzamento do uso do galego como lingua mantida e falada no seo familiar, societario e público foi tanto ou máis importante ca o que se fixo na Terra.

Nada da Galicia contemporánea é alleo á pegada da emigración. Esta é a razón esencial pola que hoxe temos a obriga non só de recoñecer este legado, senón de aproveitar esa tradición para facela viable e operativa neste novo milenio. E, naturalmente, tamén debemos devolverlles ás comunidades galegas no exterior algo daquilo que elas construíron pouco a pouco durante moitos anos. A atención que nos últimos anos lle prestan as institucións galegas a este asunto é indicativo desa conciencia e un recoñecemento da importancia cultural que tivo e segue a ter a diáspora galega.

Pódese reiterar, a título de exemplo, o traballo que está a desenvolver o Consello da Cultura Galega, desde a creación do Arquivo da Emigración Galega e do Arquivo Sonoro de Galicia en 1992, que trataron de preservar, na medida do posible, o patrimonio legado por moitas destas asociacións no exterior, para conservar deste modo unha parte substancial da nosa memoria colectiva. Así mesmo, está a desenvolver un programa de devolución a estas comunidades inmigrantes dunha parte do que



elas achegaron á cultura promovendo congresos, exposicións, revistas e ciclos de conferencias, con exemplos destacados como a exposición *Nós mesmos. Asociacionismo galego na emigración* (inaugurada en Montevideo con ocasión do anterior Plenario), ou a que estes días está a ser aberta ao público por vez primeira, *Luces de alén mar. As escolas de americanos en Galicia*, no marco deste novo Plenario das Comunidades Galegas.

Traballos que, en boa medida, son o resultado dos acordos adoptados no Plenario das Comunidades realizado en Bos Aires (2003), no que se solicitaba unha estreita colaboración entre a daquela Consellería de Emigración e o Consello da Cultura Galega, ao demandar “a continuidade dos traballos do Consello da Cultura Galega, así como que por parte da Consellería de Emigración se intensifique o importante esforzo de financiamento, impulso e seguimento destes traballos”. Mandato que felizmente se fixo realidade, nun marco de colaboración permanente entre ambas as dúas institucións.

2. Emigración e diplomacia cultural

O tecido asociativo galego no exterior non se pode considerar unicamente como titular dun patrimonio, por importante que este sexa, nin no manancial que deu de beber a tantas arelas de cultura e redención que había na Terra de orixe. Esta foi a súa función no pasado, que, agora, está en transo de ser repensada e adaptada.

As asociacións de emigrantes son, en si mesmas, un valor importante e unha oportunidade para artellar unha presenza global da cultura galega no mundo, intensificando as súas accións e relacións cunha perspectiva estratéxica. Pensamos que, para levar a cabo esta estratexia, debemos considerar como axentes de acción exterior os Centros e Asociacións da colectividade galega no exterior, sobre todo ao coincidir algunhas das áreas en que se deben centrar os nosos esforzos con países onde houbo e hai unha forte pegada da inmigración de orixe galega, porque esta creou lazos de afecto e solidariedade, de coñecemento e de interese mutuos.

Nesta segunda parte do relatorio centrámonos nunha reflexión de carácter teórico e xeral sobre as posibilidades que se abren, no século XXI, para unha acción cultural no exterior, na que debe desempeñar un papel esencial esta tradición asociativa dos galegos no exterior, cun triplo obxectivo: a) adaptar estas asociacións a novos obxectivos; b) entender a súa actividade tanto como unha “antena” que permita comunicar globalmente Galicia co resto do mundo, como a de ser xenuíños centros de prestación de servizos aos seus asociados; e c) asumir a cultura como unha ferramenta esencial para as relacións internacionais nun mundo globalizado.

Como colocar a actividade das comunidades galegas da emigración (incluídas as formadas pola máis recente migración de “cerebros” e expertos) nunha política global de acción exterior de Galicia, sendo esta un pequeno país europeo?

Esta reflexión lévanos a facer algunhas consideracións previas sobre os fundamentos que debe presidir unha acción cultural no exterior axeitada ás necesidades do século XXI.

A cultura é un dos grandes valores de Galicia como país cun perfil propio e, neste sentido, pode ser utilizada para difundir a imaxe de Galicia no exterior e para mellorar as relacións con outros países e comunidades. De feito, unha das grandes ensinanzas da historia da emigración é a batalla que libraron moitas sociedades e individuos, a título persoal, por construír unha imaxe positiva de Galicia, que contrarrestase chistes e prexuízos pexorativos (os *gayegos*) que tanto proliferaron, nomeadamente en América.



As institucións galegas, tanto autonómicas como locais e mesmo as privadas, son conscientes da importancia de promover unha boa imaxe de Galicia e dedicaron certa atención e esforzo á proxección exterior da nosa industria cultural (libro, audiovisual...), que, segundo algunhas fontes, xera máis de 500 millóns de euros e mobiliza case 5000 empregos.

No século XXI movémonos nun contorno onde practicamente calquera ten capacidade para influenciar nos outros en calquera lugar do mundo. Internet, a televisión, o deporte e o turismo súmanse á pluralidade de axentes da cultura. A cultura, por outra banda, é un instrumento da diplomacia cultural ou *soft diplomacy*.

Con vistas á promoción cultural, Galicia, máis que pensar nunha proxección unilateral da súa cultura, que require grandes esforzos que sobordan a precariedade dos nosos medios e posibilidades, debería optar, estratexicamente, por tecer **redes** de intercambio que faciliten asentar o noso prestixio cultural cara a fóra e que permitan enriquecer a nosa propia vida cultural cara ao interior.

Neste sentido, o fomento da internacionalidade debe ser un dos piares básicos para acadar a excelencia cultural das nosas entidades e institucións do sector, xa que a conexión co exterior non soamente vai enriquecer o traballo dos profesionais da respectiva área senón que tamén introducirá novos retos e novos elementos de comparación e contribuirá a elevar o seu nivel de calidade.

Para estes efectos, cómpre contar cun instrumento específico, configurado sobre a base do principio de **independencia** respecto á política dos gobernos, nunha perspectiva de políticas culturais pensadas e executadas ao modo dos *Arts Council* anglosaxóns, concibidos como institucións non gobernamentais que distribúen recursos públicos, no nome dos gobernos, seguindo criterios de avaliación por expertos e de prácticas institucionais baseadas no principio do consenso.

Esa independencia como valor de referencia debe ser operativa, xa que debe acomodarse e observar os obxectivos xerais da política exterior de Galicia e as súas prioridades. Igualmente, este instrumento debe contar con dúas facetas na súa actuación, que se xestionarán en forma claramente separada: **diplomacia pública**, na que actúa como axente gobernamental, en colaboración estreita cos departamentos de relacións exteriores do goberno galego e de cultura, así como outros axentes; e **relacións culturais**, onde a plena independencia se afirma como a vía posible para construír con terceiros vínculos sólidos baseados na confianza mutua, xa que a dependencia gobernamental pode ser fonte de rexeitamento ou desconfianza.

No campo da diplomacia pública, a cultura é unha ferramenta de grande importancia para dispor de influencia exterior. Esta aposta estratéxica por desvincular cidadanía e cultura dun país dos seus dirixentes e traballar para crear unha sociedade civil transnacional e transcultural baseada no respecto e fomento da diversidade é unha das achegas do modelo dos *Arts Council*. Non obstante, a diplomacia cultural pública debe apoiar os obxectivos do goberno e traballar nun marco estratéxico determinado.

A proxección exterior da cultura galega debe estar encomendada a un organismo independente, na liña do que vén promovendo o Consello da Cultura Galega como prácticas de gobernanza da cultura. Isto suporía a existencia dun órgano específico para coordinar os esforzos de paradiplomacia cultural co obxecto de garantir a coherencia estratéxica, a coordinación das diferentes accións e a medición e avaliación dos resultados desta política.

Para lograr estes obxectivos é preciso o concurso dos numerosos centros actualmente existentes na diáspora galega, en calquera dos lugares ou rexións do planeta que se atopan, porque eles deben



converterse en axentes específicos e dinamizadores desta estratexia de diplomacia cultural e de novas formas de acción exterior.

Consideramos oportuno remitir, neste sentido, a unha das conclusións que, no apartado de “Proxección exterior”, se incorporou á *Reflexión estratéxica da cultura galega*, elaborada durante o ano 2010 e dada a coñecer publicamente durante o ano 2011, que pode consultarse comodamente na páxina web da polo Consello da Cultura Galega (<http://www.consellodacultura.org>). A proposta manifestaba que:

De común acordo co Consello de Comunidades Galegas, [cómpre] iniciar unha profunda reforma dos Centros Galegos no exterior a fin de adaptalos aos retos do futuro, incluída a súa consideración como axentes da promoción cultural, como parte do repensar da presenza institucional de Galicia no exterior que, sen menoscabo da súa racionalización e modernización, debe garantir sinerxías cun modelo coherente e integral que reforce e transcenda as capacidades sectoriais.

A posible reforma ou remodelación destes centros non é asunto que lle competa directamente resolver a este relatorio nin mesmo ás institucións culturais galegas. Pero se invocamos esta necesidade é porque estamos convencidos de que o futuro de moitos destes centros pasa por se converter en instrumentos especializados, entre outras misións, en desenvolver labores de acción cultural no exterior e de difusión dunha imaxe de marca de Galicia.

A diplomacia cultural galega debe combinar a difusión da imaxe de Galicia (co tradicional recurso ás exposicións e outras iniciativas no exterior) co fomento de accións que permitan o coñecemento entre culturas e faciliten a presentación á sociedade galega doutras identidades. Debe promover o intercambio e a multilateralidade, esforzándose igualmente por vincular o sector cultural galego co de certos países, polos que se debe apostar pola súa importancia estratéxica. E aquí, de novo, deben cumprir un papel esencial as comunidades de emigrantes e o seu tecido asociativo. Finalmente, non debe esquecerse que a diplomacia cultural debe contemplar non só a intervención nela dos nosos emigrantes senón tamén a posibilidade de incorporar a dimensión cultural dos inmigrantes, integrando os estranxeiros residentes en Galicia (os primeiros colectivos son portugueses e brasileiros).

Pódense resumir as reflexións feitas neste segundo apartado cunhas breves propostas de acción, que deben entenderse como puntos de debate neste Plenario e tamén como posíbeis pautas para futuras medidas de carácter legislativo que poidan ser adoptadas polo Parlamento de Galicia.

1. As iniciativas dedicadas á acción cultural exterior son unha base fundamental para establecer unha **imaxe-marca** de país e deben ser entendidas no marco da chamada diplomacia branda ou diplomacia cultural, que é aquela que promove valores e actitudes que interesan aos demais e que, por esta razón, acrecentan o valor e a identidade da cultura que se admira.
2. Neste deseño dun plan de acción exterior, alén dos obxectivos estratéxicos, debe considerarse a creación dunha axencia de carácter independente que coordine e promova esta acción cultural exterior, para evitar duplicidades e asignar mellor os recursos.
3. Para lograr estes obxectivos, a utilidade dos centros galegos creados na diáspora é fundamental, porque poden adoptar dun novo perfil axeitado ás necesidades dunha sociedade como a actual, amplamente globalizada.



4. Neste sentido, é preciso complementar as actividades máis clásicas de mutualismo (sanidade, terceira idade, panteóns...) cunha progresiva conversión destes centros en lugares de prestación de servizos, tanto para as colectividades dos asociados como para o resto dos residentes, actuando como unha antena de Galicia, da súa cultura, empresa, emprego, ensino, turismo, etc.

5. Ao propio tempo, pensamos que os centros galegos deben adaptar as súas estruturas e actividades aos novos tempos, garantindo que sexan un espazo común para as relacións entre os descendentes de Galicia e os residentes, o que supón un esforzo de “rexuvenecemento” e de integración de novos membros (mesmo de orixe étnica non galega).

6. A dispoñibilidade actual de novas tecnoloxías (as TIC) debería permitir afrontar estes cambios de forma cómoda e rápida, para o que sería preciso levar a cabo un plan de formación e adaptación ás necesidades dos centros da diáspora no uso destas novas tecnoloxías.

7. Debe pensarse na creación dunha plataforma ou páxina web, onde se reflectan en tempo real as actividades culturais que se están a desenvolver nos diferentes centros do mundo. Así mesmo recollería unha base de datos que inclúa desde redes de persoeiros, ata redes de restaurantes galegos no mundo, escolas, hoteis, etc. Esta páxina acabaría creando unha “rede da galegitude” no mundo e unha plataforma de recursos e contidos.

8. Delimitar con máis precisión as actividades que se deberían desenvolver nos centros no eido da cultura galega, que en moitos casos fica desprazada ou solapada en actividades doutro tipo. Tamén é preciso atender a novas formas de cultura (música, artes plásticas, vídeo-creación, traballos colaborativos en rede, etc.), así como ser sensible ás simbioses que se están a producir da cultura galega coa dos lugares de destino.

9. Débese pensar na necesidade, nomeadamente no contexto de recursos limitados da actualidade, de fortalecer a coordinación de actividades e recursos culturais nos diferentes países (ou cidades). A experiencia da “Comisión Intersocietaria” das xornadas patrióticas galegas de Bos Aires é un precedente que debería ser recuperado.

10. O mantemento da lingua galega como un sinal de identidade, que foi moi atendido por boa parte do asociacionismo galego no exterior, debería enfortecerse e complementarse na actualidade cunha concepción do galego como lingua de comunicación que facilite a permeabilidade dos falantes de galego cos países de lingua portuguesa, nomeadamente co Brasil.

3. Coda

Nos sucesivos Plenarios das Comunidades Galegas fóronse reiterando algunhas demandas no ámbito cultural que deben ser retomadas de novo, coas pertinentes adecuacións ao contexto actual. Unha desas peticións referíase á necesidade de que se trasladase á sociedade galega o valor que tivo a emigración, en forma de materia curricular no ensino ou doutras medidas complementares. Sen desbotar este desexo, pensamos que debe recollese tamén a idea, xa exposta no Plenario de Bos Aires, de que é preciso afrontar o problema da memoria da emigración, sexa en forma de Centro documental desta ou de Museo das migracións. De feito, o Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura posúe xa unha experiencia que faría máis doado un proxecto deste estilo. Creemos, neste sentido, que os centros da diáspora foron unha fonte fundamental para a obtención de documentación: fotografías, documentos persoais, gravacións de entrevistas orais, testemuños de vida, etc., que esperamos que siga arriquecéndose no futuro.



Que non haxa un Museo da emigración en Galicia, malia o peso da súa tradición migratoria, non é algo estraño, pois os países de saída son, en xeral, renitentes a recoñeceren o feito migratorio. Pola contra, nos países de chegada (pensemos nos museos de Ellis Island en Nova York ou do Memorial do Imigrante en São Paulo) esta aceptación e mesmo musealización da inmigración recibida é moito máis franca e mesmo natural.

Pero agora estamos a chegar a unha situación histórica na que a tendencia pode invertirse. Nos países europeos comeza a funcionar a chamada *Lei da terceira xeración*, aquela que afirma que os netos aspiran a saber o que os pais se negaron a contar. E así acontece que, en moitos países europeos (Alemaña, Italia, Escocia, Irlanda, Suecia, Portugal), están a aparecer modelos de museos, diferentes entre si, pero todos eles unidos pola idea de recoñecer o papel que milleiros de emigrantes desempeñaron na mudanza dos países de partida.

Galicia debe facer tamén esta reflexión, malia os tempos que corren.

Consello da Cultura Galega